- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

13.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL – José Carlos Cañestro Lijó

Visto o escrito presentado por **José Carlos Cañestro Lijó**, de data 24/01/2024 (Registro de entrada nº 1.957), no solicita a devolución do aval depositado como garantía de obras de urbanización na Rúa da Chouza, 18 (Castiñeiras).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 26/06/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar a devolución do aval depositado por **José Carlos Cañestro Lijó** como garantía de obras de urbanización na Rúa da Chouza, 18 (Castiñeiras), polo importe de 1.769,75 €.



14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – María Ángeles García Domínguez

Visto o escrito presentado por **María Ángeles García Domínguez**, de data 19/06/2024 (Rexistro de entrada nº 15.769), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A050004790000KT.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 01/07/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400015769 do día 19 de xuño de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A050004790000KT, no seu plano 8.16. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Teira), a escala E:1/2000 como solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do PXOM.

As condicións desta Ordenanza son:

- **Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do XPOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas das áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación está ocupado ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES



Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocós de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e adosada. Manterase o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas aplicarase a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada a la parcela contigüa se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En cualquier caso, tratase de ocultar medianeiras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².



ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por encima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías y miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de peche, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados non proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza extraña ao medio, coma os peches de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste último caso prohíbese as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela non presenta afeccións sectoriais

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Illa de Arousa, S.L.P.



Visto o escrito presentado por **Illa de Arousa, S.L.P.**, de data 21/06/2024 (Registro de entrada nº 16.095), no que solicita certificación urbanística en relación ás dúas vivendas do edificio sito na Rúa Atalaia, Porto Alto nº 32-A, Corrubedo, Ribeira con refª catastral nº 15074A050020400009RF.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/06/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes no Concello de Ribeira, infórmase en relación ás dúas vivendas con refª catastral nº 15074A050020400009RF e sitas en edificio emprazado na Rúa Atalaia, Porto Alto nº 32-A, Corrubedo, Ribeira, e que foi construído ao amparo da licenza de obra nº 650/06 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 23 de novembro de 2006, e ao que posteriormente a Xunta de Goberno Local concedeu a licenza de primeira ocupación en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2010, e con independencia do disposto por outras administracións, non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de restauración da legalidade urbanística que afecte ás dúas vivendas que nos ocupa.

16.- VAO PERMANENTE – Ángel Rogelio Díaz Maneiro

Visto o escrito presentado por **Ángel Rogelio Díaz Maneiro**, de data 14/06/2024, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovble situado en Rúa Atalaia, nº 40 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/06/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder** a **Ángel Rogelio Díaz Maneiro**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovble situado en Rúa Atalaia, nº 40 (Corrubedo), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

17.- VAO PERMANENTE – María Rosa Jane Comesaña

Visto o escrito presentado por **María Rosa Jane Comesaña**, de data 10/06/2024, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovble situado en Rúa Alcalá Galiano, nº 10-Baixo (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/06/2024 emitido en sentido



favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a María Rosa Jane Comesaña**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Alcalá Galiano, nº 10-Baixo (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

18.- VAO PERMANENTE – Desiree Oujo Álvarez

Visto o escrito presentado por **Desiree Oujo Álvarez**, de data 10/06/2024, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Catía, nº 5 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/06/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Desiree Oujo Álvarez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Catía, nº 5 (Aguíño), con reforzo de pintado de liña amárela na beirarrúa de enfrente ao portal, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

19.- SOLICITUDE PINTADO LIÑA AMARELA EN RÚA AMARELLA (RIBEIRA) – Xabier Vidal Peón

Visto o escrito presentado por **Xabier Vidal Peón**, de data 23/05/2024 (Registro de entrada nº 12.950), no que solicita un estudo para o pintado dunha liña amárela na Rúa Amarella (Ribeira).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 26/06/2024, no que sinala:

“Que realizada inspección ocular en el lugar de los hechos, significar que el pintado de la linea amarilla da continuidade a los peatones que suben y bajan por las escaleras para acceder a la calle Payo Gomez, que debido al estacionamiento de los vehículos no queda espacio para los peatones. Sería conveniente el pintado de linea amarilla valiendo el rebaje del bordillo de la acera, aún no



quedando enfrente de las escaleras de esta manera se minimiza la perdida de estacionamientos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao pintado dunha liña amarela na Rúa Amarella (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

20.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Francisco Pérez Otero (VENTOS VELLOS)

Visto o escrito presentado por **Francisco Pérez Otero**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Ventos Vellos**, de data 26/06/2022 (Rexistro de entrada nº 16.497), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 19, 20 e 24/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna, e os días 02 e 03/08/2024, co motivo da celebración das Festas do Verán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 19, 20 e 24/07/2024, co motivo da celebración das Festas da Dorna, e os días 02 e 03/08/2024, co motivo da celebración das Festas do Verán.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

21.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE PANEIS INFORMATIVOS – María José Martínez Vispo

Visto o escrito presentado por **María José Martínez Vispo**, de data 26/06/2024 (Rexistro de entrada nº 16.512), no que solicita autorización para a colocación de cinco paneis informativos en marquesiñas de autobuses ou MUPIS para concienciar á poboación sobre a enfermidade do Alzheimer, co gallo da celebración do Día do Alzheimer o 21/09/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda**:

- **Autorizar** a colocación de cinco paneis informativos, que serán expostos en pantallas dixitais e en paneis municipais, para concienciar á poboación sobre a enfermidade do Alzheimer, co gallo da celebración do Día do Alzheimer o 21/09/2024.

22.- DACIÓN DE CONTA DE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN – Xulgado do Contencioso Administrativo Nº2 de Santiago de Compostela

Dáse conta da Dilixencia de Ordenación remitida polo **Xulgado do Contencioso Administrativo Nº2 de Santiago de Compostela**, de data 25/06/2024 (Rexistrado de entrada en data 01/07/2024 co nº 16.983), pola que se declara firme a sentenza relativa ao Procedemento abreviado 123/2003.

23.- DACIÓN DE CONTA DE AUTO 74/24 – Xulgado do Social Nº4 de Santiago de Compostela



DACIÓN DE CONTA DE AUTO 74/24 – Xulgado do Social Nº4 de Santiago de Compostela

Dáse conta do Auto nº 74/24 remitido polo **Xulgado do Social Nº4 de Santiago de Compostela**, de data 06/06/2024, polo que se ten por desistido a Adrián Choren García da demanda que deu lugar á incoación do Procedemento ordinario nº 17/2023.

24.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA PROGRAMACIÓN ESTIVAL 2024 DA ÁREA DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 02/07/2024, relativa á autorización para a celebración da Programación Estival 2024 da Área de Cultura, na que expón:

“A área de cultura, no marco da súa programación estable, volve a impulsar un ano máis a programación estival dos meses de xullo, agosto e setembro.

Nesta ocasión contará con preto dunha trintena de espectáculos e actividades durante a época de verán, gratúitas e abertas a toda a cidadanía, e para as cales son contou coa colaboración da Deputación da Coruña, a través da Rede Cultural, ou da Xunta de Galicia a través de programas como Cultura no Camiño.

O programa desta edición deste ano reúne concertos, actuacións cómicas, novo circo, exposicións, danza, cine ao aire libre, contacontos, maxia, danza contemporánea e un longo etcétera, que chegarán non só a Ribeira senón tamén, seguindo a liña marcada en anos anteriores, a distintos lugares das parroquias do municipio.

Sen dúbida trátase dunha ampla, variada e atractiva programación cultural que ten lugar nos diferentes espazos da cidade, prazas e rúas, actos abertos e gratuítos como é característico nos programas levados a cabo por este concello.

Interesados en dar continuidade a esta programación, achégase en Anexo, o calendario de actividades de cada unha delas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da programación.
- Dar traslado do acordo e da programación aos departamentos municipais da Policía Local e GAEM aos efectos do seu coñecemento.

25.- ACHEGA CONCEDIDA A CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIBEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Alcaldía, de data 01/07/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club de Remo Náutico de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico na organización da VI Bandeira de Bateis Feminina e Masculina Concello de Ribeira.



Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 01/07/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club de Remo Náutico de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico na organización da VI Bandeira de Bateis Feminina e Masculina Concello de Ribeira; por importe de 1.500,00 €.

26.- SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE PASO DE PEÓNS E LIÑA DISCONTINUA NA AVENIDA DE FERROL (RIBEIRA) – Francisco Vidal Bretal

Visto o escrito presentado por **Francisco Vidal Bretal**, de data 19/06/2024 (Registro de entrada nº 15.842), no que solicita a instalación dun paso de peóns e liña discontinua na Avenida de Ferrol (Ribeira).

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 27/06/2024, no que expón:

“El tramo de via que nos ocupa es sinuoso con una pendiente del 5% y debido a la configuración del terreno ofrece poca visibilidad. El anterior titular de la via la Xunta de Galicia tuvo en cuenta estos parámetros para el pintado de la mediana con linea blanca longitudinal continua, las condiciones en cuanto al volumen de tráfico no han cambiado, más bien la Av. Del Ferrol soporta una densidad muy alta de trafico sobre todo en época estival.

El pintado de un paso para peatones en este tramo la Seguridad Vial se vería comprometida creando un riesgo para los usuarios tanto de peatones como vehicular.

Existe una estrecha relación entre el medio donde se desplaza el peatón y la seguridad del mismo. El riesgo de accidente aumenta cuando una persona se desplaza a pie en un entorno que carece de infraestructuras peatonales. Cuanto mayor sea la proporción de vehículos de motor que interactúen con peatones, mayor será el riesgo de atropello.

CONCLUSIÓN

El escaso volumen de peatones usuarios del posible paso para peatones no justifica la creación de una infraestructura adecuada, tal como la implantación del paso de peatones regulado mediante semaforos y hacerlo visible en condiciones de climatología adversa y por la noche. La implantación de un paso para peatones en este tramo de via podría dar al viandante una falsa sensación de seguridad, y reforzar su impresión de que los vehículos lo verán y se detendrán en las marcas pintadas en el suelo, por lo que tratará de cruzar sin tomar las debidas precauciones incrementando así la posibilidad de ser atropellado.

Asi pues teniendo en cuenta lo expuesto con el objetivo de abordar la problemática relacionada con la seguridad y movilidad de los peatones y su interacción con los demás usuarios de la vía se considera que la implantación de un paso de peatones, y convertir la linea longitudinal continua en discontinua en una arteria con visibilidad comprometida, la cual soporta una gran densidad de Trafico, disminuye la garantía para una Seguridad Vial en cuanto a accidentes de trafico. No se recomienda la creación de un paso para peatones ni convertir la linea continua en discontinua.”



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241353281
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 05/07/2024		Fecha: 05/07/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/07/2024		Hora: 10:46
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/07/2024 10:46:43		



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a solicitude de instalación dun paso de peóns e liña discontinua na Avenida de Ferrol (Ribeira), solicitada por Francisco Vidal Bretal, polas razón argumentadas no citado informe policial.

27.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL E CESIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixe

Visto o escrito presentado pola **Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Barbanza. A Orixe**, de data 25/06/2024 (Rexistro de entrada nº 16.410), no que solicita a colaboración municipal (Policía Local e Protección Civil), así como a cesión temporal de uso da explanada situada a carón do Centro Social da Capela (Carreira), co motivo da realización dunha etapa circular do Camiño de Santiago A Orixe o día 29/09/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a colaboración municipal coa presenza da Policía Local e Protección Civil durante a realización da etapa circular do Camiño de Santiago A Orixe o día 29/09/2024.
- Autorizar a cesión temporal de uso da explanada situada a carón do Centro Social da Capela (Carreira).
- Dar traslado deste acordó á Policía Local para o seu coñecemento

28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE PAELLA POPULAR – Victoria Agraso Vidal

Vistos os escritos presentados por **Victoria Agraso Vidal** en representación do establecemento hostaleiro **Ventos Vello**s, de data 28/06/2024 (Rexistros de entrada nº16.740 e 16.821), no que solicita autorización para a celebración de dúas paellas populares os días 19 e 21/07/2024, a partir das 19:00 h., na Rúa Alcalá Galiano (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a celebración de dúas paellas populares os días 19 e 21/07/2024, a partir das 19:00 h., na Rúa Alcalá Galiano (Ribeira).
- Deberán gardar as debidas medidas de seguridade para os participantes e peóns.
- Deberán respectar o libre espazo para a circulación de peóns e vehículos de residentes.
- Deberán deixar a zona completamente limpa despois da celebración do evento.
- Dar traslado deste acordó á Policía Local para o seu coñecemento.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAIS DE HOSTALERÍA (CON CORTE PARCIAL DE RÚA) – Ángel Martínez Fernández e Fernando Varela Rodríguez (A CASEIRA & ALOHA)

VISTO o escrito presentado conxuntamente por **Ángel Martínez Fernández e Fernando**



Varela Rodríguez, en representación dos establecementos hostaleiros “A Caseira e Aloha” (Ribeira), de data 03/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.300), no que solicitan permiso para evento musical no exterior dos establecementos hostaleiros “A Caseira e Aloha” (Ribeira), o día 13/07/2024, en horario de 22:00 h. a 01:00 h. Asímesmo solicitan un corte parcial e desaloxo da Rúa Portugal e adxacente ese día, entre as 17:00 h. ás 03:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Ángel Martínez Fernández e Fernando Varela Rodríguez, para evento musical no exterior dos establecementos hostaleiros “A Caseira e Aloha” (Ribeira), o día 13/07/2024, en horario de 22:00 h. a 01:00 h.

- **Autorizar o corte parcial e desaloxo da Rúa Portugal e adxacente ese día, entre as 17:00 h. ás 03:00 h.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar O da Rubia” (Ribeira) (Verónica Elena Nogueira Carrera), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

